

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 13 de maio de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da senda na AC-131 entre Peteiro e O Baño (Mugardos), de clave AC/21/088.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo referido proxecto.

Antecedentes:

Por Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 13 de maio de 2022 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción da senda na AC-131 entre Peteiro e O Baño (Mugardos), de clave AC/21/088.06, no concello de Mugardos (A Coruña).

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2, que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos. Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar da economía, do patrimonio e do urbanismo.

A actuación prevista no proxecto comprende a construción dunha senda peonil na marxe da estrada AC-131, no treito comprendido entre Peteiro e O Baño (puntos quilométricos aproximados 0+420 ao 1+000), que permita unir os treitos de beirarrúa actualmente existentes e dotar a estrada dun itinerario continuo para peóns e ciclistas (non deportivos).

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción



sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña) e na Casa do Concello de Mugar dos (avenida de Galicia, 45, 15620 Mugar dos, A Coruña).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, (<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>), está á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Senda na AC-131 entre Peteiro e O Baño (Mugardos), de clave AC/21/088.06

Concello de Mugardos

Nº	Ref. catastral	Polígono	Parcela	Titular	NIF/CIF	Clasificación PXOM	Situación básica	Uso catastral	Superficie total (m²)	Superficie afectada (m²)	Bens afectados
1	15052A01800372	018	00372	Saavedra Pena, Julia	***6838**	Rústico	Rural	Agrario	1.329	0,32	* Recuamento de portalón: 2 uds. * Peche vexetal existente: 64 ml * Árbores ornamentais: 2 uds.
2	15052A01800371	018	00371	Zarate Domenech, José Antonio Luis (Herdeiros de)	***6896**	Rústico	Rural	Agrario	7.553	126,02	* Muro existente: 22 m²
3	15052A01800370	018	00370	Martínez Insua, María Carmen	***6104**	Rústico	Rural	Agrario	5.793	35,50	
4	15052A01800554	018	00554	Montero Iglesias, Julio (Herdeiros de)	***6143**	Rústico	Rural	Agrario	818	0,18	
5	15052A02300097	023	00097	Concello de Mugardos	***0520**	Rústico	Rural	Agrario	4.033	67,22	
6	15052A02300098	023	00098	Fornos Fernández, Manuela	-	Rústico	Rural	Agrario	891	48,67	
7	15052A02300099	023	00099	Murua Petrobelly, María del Rosario	***5590**	Rústico	Rural	Agrario	2.328	146,43	
8	15052A02300100	023	00100	Fornos Fernández, Manuela	-	Rústico	Rural	Agrario	1.183	46,75	
9	15052A02300101	023	00101	Fonticoba Saavedra, Remedios	***1122**	Rústico	Rural	Agrario	1.327	37,55	
10	15052A02300102	023	00102	Casal Grela, Miguel	***6829**	Rústico	Rural	Agrario	2.942	119,58	
11	15052A02300104	023	00104	Fonticoba S S, María Teresa	-	Rústico	Rural	Agrario	4.630	50,99	
12	15052A02300103	023	00103	Fernández Fornos, Ramona	-	Rústico	Rural	Agrario	271	51,84	
13	15052A02300105	023	00105	Fornos Fernández, Manuela	-	Rústico	Rural	Agrario	1.806	57,18	
14	15052A02300106	023	00106	Bouza Fernández, Maréa Mercedes	***4873**	Rústico	Rural	Agrario	504	14,48	
15	15052A02300107	023	00107	Sardina Cartelle, Francisco Javier	***1725**	Rústico	Rural	Agrario	1.245	29,12	
16	15052A02300108	023	00108	Patiño S S, Celia	-	Rústico	Rural	Agrario	927	23,71	
17	15052A02300109	023	00109	Garre Murua, Magdalena	***3258**	Rústico	Rural	Agrario	242	18,51	



Nº	Ref. catastral	Polígono	Parcela	Titular	NIF/CIF	Clasificación PXOM	Situación básica	Uso catastral	Superficie total (m ²)	Superficie afectada (m ²)	Bens afectados
18	15052A02300110	023	00110	García Fariña, José	-	Rústico	Rural	Agrario	313	5,33	
19	9518012NJ5191N	95180	12	En investigación	-	Urbano	Urbanizado	Solo sen edificar	164	31,40	
20	9518013NJ5191N	95180	13	Cortizas Silvar, Jacoba	***2978**	Urbano	Urbanizado	Solo sen edificar	167	30,82	
21	9518018NJ5191N	95180	18	Cortizas Silvar, Jacoba	***5258**	Urbano	Urbanizado	Solo sen edificar	126	22,63	
22	9518014NJ5191N	95180	14	Toimil Casal Santiago	***5258**	Urbano	Urbanizado	Residencial	1.221	33,13	* Peche vexetal existente: 15 ml * Árbores ornamentais: 3 uds.